

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA

17027 REAL DECRETO 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural. («BOE» 215, do 7-9-2001.)

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece na súa disposición derradeira segunda que o Goberno, no ámbito das súas competencias, aprobará mediante real decreto as normas de desenvolvemento da lei.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios, establece no seu artigo 8 que o Goberno, mediante real decreto, aprobará no prazo de seis meses un sistema económico integrado do sector de gas natural, que inclúa o modelo para o cálculo das tarifas de gas natural e das peaxes e canons aplicables ó uso por terceiros da rede gasista, o sistema para determina-la remuneración que corresponda a cada un dos titulares das instalacións gasistas e o procedemento de reparto dos ingresos totais entre os distintos axentes que actúan no sector gasista.

A regulación obxecto deste real decreto pretende conxugar tres obxectivos da política enerxética e a súa aplicación ó sector do gas natural, que se concretan en garantir un desenvolvemento suficiente das infraestructuras mediante un sistema de retribucións que permita unha adecuada rendibilidade dos investimentos, deseñar un sistema de tarifas, peaxes e canons baseado en custos, co fin de lle imputar a cada consumidor os custos en que incorra o sistema relativos ó seu consumo e por último regula-lo acceso de terceiros á rede, de forma que a súa aplicación sexa obxectiva, transparente e non discriminatoria.

A consecución destes obxectivos permitirá a seguridade de subministración e unha liberalización efectiva no sector, o que conducirá a un servizo ó consumidor final coa máxima calidade e prezos competitivos.

O real decreto regula tódolos aspectos relativos ó acceso de terceiros ás instalacións gasistas, e establece, en primeiro lugar, as instalacións incluídas no réxime de acceso de terceiros e os suxeitos con dereito de acceso. Así mesmo, establece o procedemento que se seguirá para solicitar e contrata-lo acceso a instalacións de terceiros, simplificando o procedemento actual, ó limita-lo número de contratos que deben realizarse. Recolle as posibles causas de denegación do acceso e desenvolve os dereitos e obrigas relativas ó acceso de terceiros dos diferentes suxeitos afectados por el.

Co fin de garanti-lo correcto funcionamento técnico do sistema, desenvólvense as liñas básicas que deben conte-las normas de xestión técnica do sistema, elemento fundamental para o seu bo funcionamento.

No que respecta ó sistema económico integrado do sector, desenvólvese o capítulo VII do título IV da Lei do sector de hidrocarburos, establecendo en primeiro lugar a retribución das actividades reguladas. Configúrase o procedemento de cálculo das retribucións para cada unha das devanditas actividades. A retribución da actividade de regasificación e almacenamento de gas natural licuado establécese a través do cobro das correspondentes peaxes e canons. No caso das instalacións de almacenamento de gas natural e transporte, a retribución calcúlase de forma individual para cada instalación e, para as instalacións de distribución, a retribución calcúlase para o conxunto da actividade de cada empresa distribuidora.

No que respecta ás tarifas, peaxes e canons, establécense os criterios xerais para a súa determinación e estrutura deles. Respecto das peaxes e dos canons actuais cómpre destacar que se estende a peaxe de regasificación á carga de cisternas en plantas de regasificación e se inclúe un novo canon de almacenamento de gas natural licuado (GNL). Tamén se establece unha única peaxe para o transporte e a distribución, en función da presión á que estean conectadas as instalacións do consumidor e do volume anual de gas consumido.

No sistema de tarifas, óptase por un sistema baseado en custos, de acordo co previsto no artigo 8 do Real decreto lei 6/2000, e na súa estrutura mantense un paralelismo coa estrutura de peaxes de transporte e distribución. É dicir, abandónase o sistema de usos e aplícase unha estrutura baseada en niveis de presión e en volume de consumo.

Por último, establécese o procedemento de liquidacións.

Tal e como dispón a disposición derradeira primeira da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, a presente norma ten carácter básico, de acordo co artigo 149.1, 13.^a e 25.^a, da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime enerxético.

De acordo coa disposición adicional undécima, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-lo funcionamento do sistema gasista, no que se refire ó acceso de terceiros ás instalacións, determinando os criterios xerais que deben rexe-lo funcionamento técnico do sistema, a retribución das actividades reguladas, o sistema de tarifas, peaxes e canons, así como o procedemento de liquidacións.

Este real decreto dítase en desenvolvemento do disposto no título IV da Lei 34/1998, do 7 de outubro,

do sector de hidrocarburos, co fin de garanti-la continuidade, calidade e seguridade da subministración de gas natural, coordinando a actividade de tódolos suxeitos que actúan no sistema, respectando os principios de obxectividade, transparencia e non discriminación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto as actividades reguladas de regasificación, transporte, almacenamento e distribución.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as actividades relacionadas coa subministración de gases licuados do petróleo por canalización.

3. O sistema de tarifas de gas natural será tamén de aplicación á distribución por canalización dos gases indicados no artigo 56 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

CAPÍTULO II

Acceso de terceiros ás instalacións gasistas

Artigo 3. *Instalacións incluídas no réxime de acceso de terceiros.*

1. Quedan incluídas no réxime de acceso de terceiros:

a) As plantas de recepción, almacenamento, e regasificación de gas natural licuado (GNL) que poidan abastecer o sistema gasista, incluíndo as instalacións de carga de cisternas de gas natural licuado.

b) Os almacenamentos subterráneos de gas natural que poidan abastecer o sistema gasista.

c) As instalacións de transporte de gas natural.

d) As instalacións de distribución de gas natural, incluíndo as plantas satélites de GNL que subministren a varios consumidores.

e) Os gasodutos de conexión internacional, entendendo como tales os comprendidos no territorio nacional que conectan a rede nacional coas redes de gasodutos doutros países ou con depósitos naturais ou almacenamentos existentes noutros países.

f) Os gasodutos de conexión dos depósitos naturais e almacenamentos estratéxicos e operativos co sistema gasista.

g) Calquera outra instalación necesaria para a subministración de gas natural ós usuarios con dereito de acceso.

2. Os titulares das devanditas instalacións terán a obriga de permiti-lo acceso de terceiros a elas.

3. Para os efectos previstos neste real decreto denomínase sistema de transporte e distribución aquel que comprende as instalacións incluídas nas alíneas c), d), e), f) e g) deste artigo.

4. Non están incluídos no réxime de acceso deste real decreto os gasodutos definidos como liñas directas no artigo 78 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 4. *Suxeitos con dereito de acceso.*

Nos termos e condicións establecidos neste real decreto teñen dereito de acceso ás instalacións do sistema gasista os seguintes suxeitos:

a) Os consumidores cualificados, de acordo co disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

b) Os comercializadores para a venda de gas ós consumidores cualificados ou a outros comercializadores.

c) Os transportistas para a venda de gas a outros transportistas ou ós distribuidores para atender subministracións a tarifas.

Artigo 5. *Solicitud de acceso.*

1. Os suxeitos que queiran exercer-lo dereito de acceso a plantas de regasificación e a almacenamentos deberán remitir unha petición formal de reserva de capacidade ós titulares das devanditas instalacións con indicación do calendario e programa de utilización.

Os suxeitos con dereito de acceso que queiran exercer-lo mesmo ás instalacións de transporte e distribución, deberán remitir unha petición formal de reserva de capacidade ós titulares das instalacións ás que estean conectados os puntos de entrada do gas natural ó sistema de transporte e distribución, con indicación dos puntos de saída do mesmo, así como o calendario de utilización previsto.

Nos casos en que a solicitud implique o acceso simultáneo a instalacións diferentes dun mesmo titular, a súa tramitación poderá ser conxunta.

A Comisión Nacional de Enerxía elaborará modelos normalizados de solicitud formal de acceso ás instalacións do sistema gasista que propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación. Nos ditos modelos indicaranse os datos necesarios que debe facilita-lo solicitante do acceso, en función do tipo de instalación.

Os titulares das instalacións terán á disposición dos suxeitos con dereito de acceso o modelo de solicitud formal de acceso.

As solicitudes de acceso, para o mercado liberalizado, resolveranse atendendo á orde cronolóxica de recepción da petición formal.

2. Os titulares das instalacións que recibisen unha petición formal de acceso deberán, no prazo máximo de seis días hábiles, remitila ó xestor técnico do sistema, quen analizará as posibilidades do conxunto do sistema, e ós titulares das instalacións onde estean conectadas os puntos de entrega do gas natural, xunto coa avaliación da prestación do servizo das súas propias instalacións, para que estes, no prazo máximo de doce días hábiles, emitan un informe sobre a viabilidade do servizo solicitado, no que se incluírán as posibles alternativas en caso de imposibilidade da prestación solicitada. A non remisión dos informes nos prazos establecidos suporá a aceptación da solicitud polos suxeitos que deberían remitilos.

No prazo máximo de vinte e catro días hábiles, a partir da petición formal de acceso, o titular da instalación deberalle dar resposta ó solicitante, aceptando ou rexeitando motivadamente a solicitud formulada. En caso de rexeitamento deberá comunicárselle a decisión á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional de Enerxía no mesmo prazo.

Nos casos en que a solicitud de acceso se realice para un consumidor que se encontre, no momento da solicitud, consumindo gas en condicións similares ás solicitadas, tódolos prazos anteriores se reducirán á metade.

En caso de desconformidade, transcorridos os prazos establecidos sen que se contestase ou se recibise resposta rexeitando a solicitud, o solicitante poderá elevar escrito á Comisión Nacional de Enerxía, quen resolverá de acordo co previsto na disposición adicional undécima, terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na sección 3.^a do capítulo II do Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, aprobado polo Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

Artigo 6. *Contratación do acceso a instalacións gasistas.*

1. Unha vez aceptada a solicitude de acceso, o solicitante poderá contratar, de maneira separada ou conxunta, os servizos de regasificación, almacenamento, e transporte e distribución.

No caso de acceso ás instalacións de regasificación e almacenamento, o contrato deberá ser suscrito polo solicitante do acceso e polos titulares das instalacións.

Nos casos de acceso ás instalacións de transporte e distribución, o contrato deberá ser suscrito polo solicitante do acceso, cos titulares das instalacións onde estea situado o punto de entrada do gas ó sistema de transporte e distribución, e ó que se engadirá un anexo por cada titular das instalacións onde estean situados os puntos de saída do gas ó consumidor final, suscrito polo titular delas e polo solicitante.

O correspondente contrato deberá ser asinado polas partes nun prazo non superior a vinte e catro días hábiles desde a aceptación da solicitude de acceso. Se transcorrido este período non se formalizou o contrato, o solicitante do acceso poderá instar conflito de acceso fronte á Comisión Nacional de Enerxía, quen resolverá de acordo co previsto na disposición adicional undécima, terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e na sección 3.^a do capítulo II do Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, aprobado polo Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

As empresas titulares de instalacións de transporte ou distribución deberán establecer acordos coas empresas titulares de instalacións de entrada ó sistema gasista, nos que se recolla a conformidade cos contratos de acceso de terceiros á rede de gas natural, que puidesen afectar as súas instalacións, así como a definición dos puntos de entrada e saída delas e os sistemas de medición.

2. Os comercializadores poderán modificar os puntos de saída de gas natural sempre que exista capacidade para iso, sen outro requisito que a comunicación ós titulares afectados polo contrato, sen que iso supoña a necesidade da modificación do contrato, sendo suficiente con que se anexasen ós contratos os datos correspondentes ás instalacións e os consumos dos novos puntos. Se é o caso, subscribirán o contrato os titulares das instalacións onde estean situados os novos puntos de saída do gas natural. En todo caso, os transportistas darán traslado ó xestor técnico do sistema do detalle dos novos anexos tramitados de consumo superior a 50.000.000 de kWh/ano.

3. Os titulares das instalacións de transporte e distribución estarán obrigados a atender peticións de redución de capacidade sempre que estas se xustifiquen adecuadamente, se comuniquen con tres meses de antelación e se produzan un ano despois de se ter efectuada a reserva de capacidade inicial e de se ter feito uso efectivo dela, ou, se é o caso, de se ter procedido a efectuar calquera modificación sobre ela. Cando a causa da petición de redución de capacidade sexa a perda de clientes a favor doutros comercializadores, abondará coa comunicación cun mes de anticipación.

4. Así mesmo, transcorrido un ano desde que se efectuou a reserva de capacidade inicial ou, se é o caso, desde que se efectuase calquera modificación sobre ela, o xestor técnico do sistema poderá requirir que a reserva de capacidade contratada por un suxeito se reduza sempre que se observe unha continuada infrautilización dela e se o mantemento de tal reserva inutilizada puidese ser causa de denegación de acceso, por falta de capacidade dispoñible, a outros suxeitos que o solicitasen.

5. O 75 por 100 da capacidade total das instalacións destinarase a contratos de duración mínima de dous anos.

O 25 por 100 da capacidade total das instalacións de regasificación, almacenamento e entrada ó sistema

de transporte e distribución destinarase a contratos dunha duración inferior a dous anos. Cada comercializador non poderá acceder a máis dun 50 por 100 das capacidades destinadas a este fin. Estas porcentaxes poderán ser revisadas polo Ministerio de Economía en función da evolución do mercado.

Os titulares das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte publicarán con periodicidade trimestral a capacidade contratada e dispoñible en cada unha das súas instalacións, distinguindo a capacidade asignada ós contratos de acceso de duración maior ou igual a dous anos, e os contratos de acceso de duración inferior a dous anos.

Os contratos de duración inferior a dous anos non poderán ser prorrogados en ningún caso.

Os contratos de duración igual ou superior a dous anos poderán incluí-lo réxime de prórrogas que libremente pacten as partes, coa única limitación, en canto ó prazo de aviso previo para o exercicio das prórrogas, que non poderá exceder en ningún caso dos seis meses.

6. Os titulares das instalacións deberán remitir, con anterioridade ó 20 de xaneiro de cada ano, un resumo de tódolos contratos asinados no ano anterior á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, á Comisión Nacional de Enerxía e ó xestor técnico do sistema.

7. Os suxeitos con dereito de acceso poderán subscribir contratos para a utilización doutros servizos e instalacións que inclúan servizos ou condicións distintos ós regulados neste real decreto, que serán libremente pactados entre as partes. Tales servizos serán ofrecidos a tódolos suxeitos que estivesen interesados neles, en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias. Os ingresos derivados destas actividades e os custos asociados a eles non serán tidos en conta para o cálculo da retribución.

En particular, poderán realizarse contratos libremente pactados cos distribuidores ós que estean conectados os puntos de saída do gas en relación coa lectura de contadores, facturación, servizo de atención ó cliente, mantemento de instalacións, etc.

Artigo 7. *Condicións mínimas dos contratos de acceso ás instalacións.*

1. As condicións mínimas dos contratos de acceso que se vaian subscribir cos transportistas e/ou distribuidores titulares das instalacións correspondentes serán as seguintes:

a) Suxeito obrigado ó pagamento das peaxes e canons.

O suxeito único obrigado ó pagamento das peaxes e canons é o comercializador ou o consumidor cualificado que asinase o contrato de acceso ás infraestruturas.

En caso de non-pagamento das peaxes ou canons por parte dun comercializador, o titular das instalacións non poderá esixir-lo dito pagamento do cliente cualificado.

O non-pagamento do contrato de subministración suscrito entre o cliente cualificado e o comercializador non exime este da súa obriga de pagamento polo acceso ás instalacións.

b) A facturación das peaxes e canons de acceso realizarase con periodicidade mensual.

Na facturación do termo de condución da peaxe de transporte e distribución deberá indicarse o valor medio do poder calorífico superior do gas subministrado durante o devandito período, expresado en kWh/m³ (n).

c) Período de pagamento.

O período de pagamento das peaxes e canons de acceso establécese en quince días naturais desde a data de emisión da factura por parte do titular das instalacións.

d) Non-pagamento das peaxes e canons.

O titular das instalacións poderá suspende-lo contrato de acceso cando vaian transcorridos polo menos dous meses desde que se requirise, de forma que faga fe, o pagamento ó suxeito que contratou o acceso, sen que aquel se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practicarase mediante remisión, ó enderezo que para efectos de comunicación figure no contrato de acceso, por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado así como data, identidade e contido del.

Cando o acceso se realice directamente por parte dun consumidor cualificado, a comunicación deberá incluí-lo trámite de desconexión do consumidor das redes por non-pagamento, precisando a data a partir da que se producirá a desconexión, de non aboarse en data anterior as cantidades solicitadas.

2. Os contratos non poderán, en ningún caso, conter cláusulas que supoñan dereitos ou obrigas que excedan, en prexuízo do solicitante, das recollidas neste real decreto sen prexuízo das causas e condicións de extinción e resolución dos contratos que poidan pactarse.

3. A Comisión Nacional de Enerxía elaborará modelos normalizados de contratos de acceso ás instalacións do sistema gasista que proporá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación.

4. En caso de desconformidade coa aplicación dos modelos normalizados, calquera das partes poderá dirixir escrito á Comisión Nacional de Enerxía, quen resolverá sobre os aspectos formulados, no prazo máximo dun mes.

5. A facturación das peaxes realizarase de acordo co previsto neste real decreto. As empresas de transporte, distribución e almacenamento subterráneo de gas natural deberán dar ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co capítulo V deste real decreto.

Artigo 8. *Causas de denegación do acceso de terceiros ás instalacións.*

Poderá denegarse o acceso de terceiros ás instalacións unicamente cando concorran algún dos seguintes supostos:

a) A falta de capacidade dispoñible durante o período contractual proposto polo contratante. A denegación do acceso deberá xustificarse dándolles prioridade de acceso ás reservas de capacidade relativas ás subministracións de gas natural con destino a consumidores que reciban a subministración en réxime de tarifas en firme.

Non poderá denegarse o acceso ó sistema de transporte e distribución, baixo este suposto, para a subministración a un consumidor que se encontre, no momento da solicitude, consumindo gas natural nas cantidades solicitadas. Este dereito de acceso non estará vinculado á capacidade de entrada de gas ó sistema.

b) Logo de conformidade da Comisión Nacional de Enerxía, cando a empresa subministradora de gas, directamente ou por medio de acordos con outras empresas subministradoras, ou aquelas ás que calquera delas estea vinculada, radiquen nun país no que non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para

as empresas ás que se lles require o acceso, iso sen prexuízo dos criterios que se sigan respecto de empresas de estados membros da Unión Europea conforme a lexislación uniforme na materia que esta estableza.

c) Cando existan dificultades económicas e financeiras graves que puidesen derivarse da execución dos contratos de compra garantida, nas condicións establecidas no artigo seguinte.

Artigo 9. *Solicitude para poder denega-lo acceso a causa de dificultades económicas graves derivadas de contratos de compra garantida.*

1. Para os efectos do previsto no parágrafo c) do artigo 8, se unha empresa que fornece de gas natural ó sistema de gas afronta ou considera que vai afrontar dificultades económicas e financeiras graves a causa dos seus compromisos de compra garantida adquiridos en virtude dun ou de varios contratos de compra de gas, poderá solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha excepción para este caso concreto da obriga de acceso de terceiros ás instalacións da rede básica.

As solicitudes deberán presentarse caso por caso, con anterioridade á denegación do acceso á rede e deberán ir xunto con toda a información pertinente relativa á natureza e magnitude do problema e ós esforzos realizados pola compañía para solucionar-lo problema.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas notificará calquera proposta para lle conceder-la dita excepción á Comisión da Unión Europea, xunto con toda a documentación pertinente, co fin de que esta se pronuncie sobre ela.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá en conta os seguintes criterios para decidir sobre as excepcións recollidas no punto un:

a) O obxectivo de lograr un mercado competitivo do gas.

b) A necesidade de garanti-la seguridade do abastecemento.

c) A posición da empresa solicitante no mercado do gas e a situación real de competencia no dito mercado.

d) A gravidade das dificultades económicas e financeiras encontradas por comercializadores, empresas transportistas e distribuidoras ou consumidores cualificados.

e) A data de sinatura e as condicións do contrato de que se trate, incluída a medida en que permiten ter en conta a evolución do mercado.

f) Os esforzos realizados para encontrar unha solución ó problema.

g) A medida en que a empresa, ó aceptar-la compra garantida en cuestión, puidese prever razoablemente, tendo en conta o disposto na lexislación, as graves dificultades que probablemente ían xurdir.

h) O nivel de conexión da rede con outras redes e o seu grao de interoperabilidade.

i) As repercusións que a concesión dunha excepción tería na correcta aplicación da Directiva 98/30/CE polo que se refire ó bo funcionamento do mercado interior do gas natural.

As decisións sobre as solicitudes de excepción relativas ós contratos de compra garantida celebrados antes da entrada en vigor da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, non deben dar lugar a unha situación na que sexa imposible encontrar saídas economicamente viables. Considerarase que non existen graves dificultades cando as vendas de gas natural non descendan por debaixo da cantidade mínima de entrega

estipulada nun contrato de compra garantida de gas ou sempre que o contrato pertinente de compra garantida de gas poida adaptarse ou que a empresa de gas poida encontrar saídas alternativas.

4. Nos casos en que non se concedese unha excepción da obriga de acceso, mencionada no número un, non se poderá rexeita-lo acceso á rede a causa de compromisos de compra garantida adquiridos en virtude dun contrato de compra de gas.

5. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, tendo en conta o disposto neste artigo, poderá conceder unha excepción, nos casos en que esta se encontre debidamente xustificada.

Artigo 10. Dereitos e obrigas dos titulares das instalacións relacionados co acceso de terceiros a elas.

1. Os titulares das instalacións en relación coas cales poida exercerse o dereito de acceso terán os seguintes dereitos:

a) Percibirén a remuneración económica que a lexislación estableza.

b) Esixírenlles ós seus respectivos titulares que as instalacións conectadas ás da súa propiedade cumpran os requisitos técnicos de seguridade e control establecidos que permitan un sistema fiable e eficaz.

c) Esixírenlles ós axentes que incorporen gas ó sistema que o gas natural que se introduza nas súas instalacións cumpra as especificacións de calidade establecidas.

d) Esixírenlles ós suxeitos con dereito de acceso a comunicación dos seus programas de consumo e de calquera incidencia que poida facer variar substancialmente as ditas previsións.

e) Accederen ós equipos de medición que sirvan para determina-la cantidade e calidade do gas que se introduce na súas instalacións, así como estar presente nas verificacións da precisión deles. Acceder e verificar os contadores de tódolos clientes conectados ás súas instalacións.

2. Os titulares de instalacións en relación coas cales poida exercerse o dereito de acceso terán as seguintes obrigas:

a) Xestionaren e operaren as súas instalacións, en coordinación con outros titulares de instalacións cando esta sexa necesaria para garanti-los servicios de acceso contratados e en calquera caso co xestor técnico do sistema, e cando a fiabilidade e seguridade do sistema interconectado o requira.

b) Subscribiren, en condicións transparentes, homoxéneas e non discriminatorias, os contratos de acceso cos suxeitos con dereito de acceso a que se refire o artigo 4 nos termos que se recollen neste real decreto e disposicións que o desenvolvan.

c) Realizaren os servicios contratados nas cantidades e condicións convidas baixo as directrices do xestor técnico do sistema.

d) Disporen dos equipos de medida naqueles puntos intermedios do sistema gasista en que sexan necesarios para o bo funcionamento do sistema tanto desde o punto de vista técnico como do económico, de acordo co que establezan as normas de xestión técnica do sistema. Estes equipos serán, agás acordo en contrario, propiedade da empresa que realiza a entrega do gas a outra instalación.

e) Facilita-la información necesaria ó xestor técnico do sistema, ós suxeitos con dereito de acceso e a outros titulares de instalacións para o correcto funcionamento do sistema e para a avaliación de posibilidade de novos contratos de acceso.

f) Informaren á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía na forma en que esta determine, á Comisión Nacional de Enerxía e ó xestor técnico do sistema, sobre datos relativos ó consumo, aprovisionamento, existencias, e capacidades contratadas e dispoñibles.

g) Comunicárenlle ó xestor técnico do sistema, coa debida antelación, os plans de mantemento e incidencias das súas instalacións, naqueles casos en que se poida ver afectada a rede básica ou de transporte secundario e modificalos de acordo coas directrices deste. Así mesmo, comunicárenlle-las citadas incidencias ós suxeitos que actúan no sistema e consumidores afectados.

h) Dispor dos equipos de medida necesarios para lles alugar ós consumidores conectados ás súas instalacións que así o soliciten e proceder á súa instalación e mantemento, sempre e cando o consumidor estea conectado a un gasoducto cunha presión de deseño igual ou inferior a 4 bares.

i) Procederen, por si mesmo ou a través de terceiros, á lectura dos contadores de tódolos consumidores conectados ás súas instalacións, e dar traslado do detalle das ditas lecturas ós comercializadores correspondentes. Ademais, os datos de lectura agregados por tipos de tarifas ou peaxes e por comercializadores comunicárenlle ó xestor técnico do sistema e ó transportista que lle subministra o gas, co detalle necesario para a aplicación das peaxes e dos canons e a realización do balance de rede.

j) Aseguraren que os sistemas de medición, da súa propiedade, do gas subministrado manteñen a precisión esixida de acordo co que establezan as normas de xestión técnica do sistema. Para iso, xestionarán a verificación periódica dos seus equipos de medida de volume e características do gas, e das instalacións dos puntos de subministración conectadas ás súas redes, utilizando os servicios dunha entidade acreditada para tal fin.

k) Efectuaren o cálculo do balance físico do gas que pasa polas súas instalacións, na forma e coa periodicidade que se determine nas normas de xestión técnica do sistema.

l) Teren ó dispor de quen o solicite o alcance e as condicións económicas aplicables dos servicios específicos distintos dos regulados que poidan prestar.

m) Garantiren segredo da información de carácter confidencial que fose posta ó seu dispor.

n) Subscribiren e manteren actualizadas as correspondentes pólizas de seguros, con obxecto de cubri-los riscos que para persoas ou bens poidan derivarse das actividades exercidas.

3. En todo caso, os titulares de instalacións de distribución deberán proceder ás ampliacións necesarias das súas instalacións en caso de falta de capacidade para atende-la demanda na súa zona de distribución, sen prexuízo do que resulte da aplicación do réxime que regulamentariamente se estableza para as acometidas.

Artigo 11. Dereitos e obrigas dos suxeitos con dereito de acceso.

1. Son dereitos dos suxeitos con dereito de acceso os seguintes:

a) Contrataren aqueles servicios de acceso ás instalacións do sistema gasista que consideren máis adecuados para os seus intereses nas condicións reguladas neste real decreto e disposicións de desenvolvemento.

b) Recibirén o gas nas condicións de regularidade establecidas e coa calidade e presión que se determine no contrato.

c) Solicitaren, en caso de consumidores cualificados, a conexión mediante unha liña directa á rede de

gasoductos máis próxima que reúna as condicións técnicas adecuadas ou solicitaren a conexión ó titular das instalacións de transporte ou distribución de acordo coa normativa en vigor.

d) Recibiren, coa antelación suficiente, calquera información referente á operación do sistema gasista que poida ter incidencia sobre a regularidade e calidade de subministración incluídos nos contratos de acceso subscritos.

e) Procederen por si mesmos ou a través de terceiros á lectura dos contadores dos clientes finais ós que subministren, en caso dos comercializadores, e dos seus consumos propios, en caso de consumidores cualificados que se aprovisionen directamente, e dar traslado da dita lectura ó xestor técnico do sistema e ó distribuidor ó que estean conectadas as instalacións do consumidor final.

f) Accederen e solicitaren a verificación dos contadores asociados ás subministracións efectuadas en virtude dos contratos de acceso subscritos.

2. Son obrigas dos suxeitos con dereito de acceso, as seguintes:

a) Comunicárenlles ós titulares das instalacións cos que subscribisen os contratos de acceso e ó xestor técnico do sistema o seu programa de aprovisionamento e consumo así como calquera incidencia que poida facer variar substancialmente as ditas previsións.

b) Os consumidores cualificados deberán dispor dos equipos de medida necesarios e permiti-los acceso a eles por parte dos titulares das instalacións ás que estean conectados e mantelos dentro dos límites de precisión establecidos nos casos en que sexan da súa propiedade.

c) Informaren á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, co detalle, forma e periodicidade que esta estime necesario, e á Comisión Nacional de Enerxía sobre datos relativos ó consumo, ó aprovisionamento e ás existencias.

d) Garantiren que o gas natural que introduzan no sistema gasista cumpra as especificacións de calidade establecidas.

e) Achegaren ó sistema gasista o gas necesario para garantiren a subministración ós seus clientes ou ó seu propio consumo.

f) Garantiren o segredo da información de carácter confidencial que fose posta ó seu dispor.

g) Subscribiren e manteren actualizadas as correspondentes pólizas de seguros con obxecto de cubriren os riscos que para persoas ou bens poidan derivarse das actividades exercidas.

Artigo 12. Dereitos e obrigas do xestor técnico do sistema.

1. O xestor técnico do sistema, como responsable da xestión técnica da rede básica e das redes de transporte secundario, deberá garanti-la continuidade e seguridade da subministración de gas natural e a correcta coordinación entre os puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución.

Nas súas relacións cos suxeitos que operan e utilizan o sistema gasista actuarán baixo os principios de obxectividade, transparencia e non discriminación.

2. Son dereitos do xestor técnico do sistema, en relación co acceso de terceiros, os seguintes:

a) Percibi-la retribución que a normativa vixente lle recoñece.

b) Esixirlles ós titulares das instalacións a información relativa ás súas instalacións necesaria para o correcto funcionamento do sistema.

c) Esixirlles ós suxeitos con dereito de acceso a comunicación dos seus programas de aprovisionamento

e consumo e de calquera incidencia que poida facer variar substancialmente as ditas previsións.

d) Supervisa-las actividades e operacións dos distintos suxeitos que interveñen no sistema gasista, actuando como coordinador das comunicacións entre eles.

e) Esixi-lo estricto cumprimento das instrucións que imparta para a correcta explotación do sistema gasista, mantemento das instalacións e adecuada cobertura da demanda.

3. Son obrigas do xestor técnico do sistema, relativas ó acceso de terceiros, as seguintes:

a) Informar sobre a viabilidade dos contratos de acceso que os suxeitos con dereito de acceso soliciten ós titulares de instalacións, pedindo a información doutros titulares de instalacións que para iso sexa necesario.

b) Desenvolve-los protocolos de comunicación para os diferentes suxeitos que actúan no sistema, así como actuar de coordinador de todos eles, co obxecto de deseñar e desenvolver un sistema de comunicacións integrado para o control e supervisión das operacións do sistema.

c) Coordina-las actuacións dos titulares das instalacións nos puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución para garanti-la continuidade e seguridade da subministración ós consumidores con criterios de eficiencia.

d) Imparti-las instrucións necesarias de operación ás instalacións de transporte, incluídas as conexións internacionais, ás instalacións de regasificación e ás de almacenamento de forma que se asegure a entrega de gas nas condicións adecuadas nos puntos de saída das redes de transporte, de acordo cos protocolos de actuación e operación.

e) Executa-los mecanismos e procedementos de actuación para prever e, se é o caso, dar cobertura a situacións transitorias de desbalance entre os programas de aprovisionamento e o réxime de operacións previsto en función da demanda, de acordo co que se estableza nas normas de xestión técnica do sistema.

f) Coordinar e modificar, se é o caso, os plans de mantemento de instalacións da rede básica de transporte e de transporte secundario, de forma que se asegure o seu funcionamento e dispoñibilidade para garanti-la seguridade do sistema.

g) Efectua-lo cálculo e aplicación do balance diario de cada suxeito que utilice o sistema gasista e as existencias operativas e estratéxicas del.

h) Constituír, operar e manter unha base xeral de datos e rexistro da información necesaria para o seguimento das operacións e determinación de repartos e balances.

i) Garanti-lo segredo da información de carácter confidencial que fose posta ó seu dispor.

j) Garanti-la exactitude dos repartos e balances encomendados, así como velar pola fiabilidade do sistema gasista.

k) Realizar estudos de seguimento da evolución dos coeficientes de perdas e autoconsumos asignados a cada instalación.

l) Pór ó dispor dos suxeitos que actúan no sistema aquela información non confidencial xerada na xestión técnica do sistema que se estableza, tanto no relativo á capacidade das instalacións como no relativo á súa utilización, mediante un sistema facilmente accesible que garanta a actualidade da información subministrada e o respecto ós principios de transparencia, obxectividade e non discriminación.

m) Propor, con antelación suficiente, os desenvolvementos da rede básica e de transporte secundario que considere necesarios para evitar e resolver, se é o caso, restriccións nas operacións do sistema.

n) Informa-la Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía e á Comisión Nacional de Enerxía, así como ós suxeitos que actúan no sistema, con periodicidade anual, ou nos casos en que existan restriccións no sistema, sobre a capacidade dispoñible nas instalacións de transporte da rede básica e en particular nos puntos de acceso ó sistema, así como respecto de reservas de capacidade a futuro contratadas en firme.

ñ) O xestor técnico do sistema, na súa calidade de transportista, deberá desenvolver as obras de infraestrutura encomendadas polo Ministerio de Economía, de acordo co previsto na disposición adicional primeira deste real decreto.

o) Subscribir e manter actualizadas as correspondentes pólizas de seguros con obxecto de cubrir os riscos que para persoas ou bens poidan derivarse das actividades exercidas.

Artigo 13. *Normas de xestión técnica do sistema.*

1. O xestor técnico do sistema, en colaboración co resto dos suxeitos implicados, elaborará unha proposta das normas de xestión técnica do sistema, que elevará ó ministro de Economía para a súa aprobación ou modificación.

As normas de xestión técnica do sistema serán aprobadas polo ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, e terán por obxecto garantir o correcto funcionamento técnico do sistema gasista e a continuidade, calidade e seguridade da subministración de gas natural. As normas de xestión técnica do sistema seguirán as liñas e criterios básicos establecidos neste real decreto.

O xestor técnico do sistema proporalle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Economía, os protocolos de detalle en relación ás normas de xestión técnica do sistema, os cales serán obxecto de aprobación ou modificación por parte desta logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

2. As normas de xestión técnica do sistema, así como os protocolos de detalle que aprobe a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, serán de aplicación a tódolos suxeitos que accedan ó sistema así como ós titulares das instalacións.

3. Ademais dos aspectos indicados no artigo 65.2 da Lei 34/1998, as normas de xestión técnica do sistema deberán regular, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Programacións: os suxeitos que fagan uso do dereito de acceso de terceiros ás instalacións deberán realizar programacións en relación co gas que estiman introducir, extraer, almacenar, subministrar ou consumir nun período determinado. Realizaranse programacións anuais, mensuais, semanais e diarias. En todo caso, o caudal nomeado nas programacións diarias, así como os programas mensuais de descarga de buques, terán carácter vinculante. As normas de xestión técnica do sistema establecerán o contido mínimo de cada unha das programacións, os procedementos e calendarios de comunicación así como os procedementos de actuación nos casos de incumprimento delas.

b) Balances: efectuaranse balances tanto físicos, para cada unha das instalacións, como comerciais, para cada usuario que acceda ás instalacións de terceiros, tendo estes últimos como mínimo alcance diario. Regularanse, entre outros aspectos, os seguintes: o alcance de cada un dos balances, o seu contido, os procedementos de cálculo, así como os procedementos, períodos e causas de revisión.

c) Desbalances do sistema: estableceranse os procedementos de actuación en caso de detectarse desviacións nos aprovisionamentos ou na demanda que pui-

desen provocar desbalances do sistema por exceso ou defecto de gas natural, activando as medidas necesarias para evita-la interrupción das subministracións así como para minimiza-los efectos de tales medidas sobre os restantes suxeitos que operan no sistema. Así mesmo, estableceranse os procedementos para determina-los repercusións económicas que as ditas medidas poidan levar asociadas.

d) Minguas e autoconsumos: estableceranse os procedementos que hai que seguir para determina-los cantidades que se vaian reter en concepto de minguas e autoconsumos para cada tipo de instalación.

e) Medicións: estableceranse os puntos onde deben realizarse as medicións, o tipo de medición en cada un deles e os criterios de reparto en función delas.

f) Mecanismos de comunicación: estableceranse as liñas para o desenvolvemento dun sistema de información que permita canaliza-la comunicación e o fluxo de información procedente dos distintos suxeitos que interveñen no conxunto de operacións necesarias para a xestión do sistema.

g) Capacidade das instalacións: estableceranse os criterios, normas e procedementos para determinar, con criterios técnicos de xeral aceptación na industria gasista, a capacidade máxima das instalacións que constitúen o sistema gasista enumeradas no artigo 3 deste real decreto, así como para a determinación da capacidade efectivamente utilizada e a remanente en todo momento, definindo para iso os factores de servizo, simultaneidade, marxes de seguridade e calquera outro parámetro que fose relevante para tales determinacións.

Artigo 14. *Emerxencias e plan de mantemento.*

1. O xestor técnico do sistema, en colaboración cos distintos suxeitos que actúan no sistema gasista, proporalle ó Ministerio de Economía, os plans de emerxencia que considere necesarios, detallando as existencias dispoñibles, a súa localización e o período de reposición. Estes plans e as súas revisións anuais serán obxecto de aprobación ou modificación pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

2. Os titulares das instalacións incluídas no artigo 3 deste real decreto deberán dispor de plans de mantemento elaborados de acordo coa regulamentación existente respecto a redes e acometidas, operación, mantemento, vixilancia, inspección e control.

Cando o mantemento que se vaia realizar en gasoductos ou instalacións afecte á operación e, como consecuencia, a calquera usuario do sistema gasista, deberá informarse, coa maior antelación posible, ós usuarios e comercializadores afectados e ó xestor técnico do sistema, en caso de afectar á operación da rede de transporte, do alcance, efectos e duración do dito mantemento.

CAPÍTULO III

Retribución das actividades reguladas

Artigo 15. *Retribución das actividades reguladas.*

1. As actividades reguladas destinadas á subministración de gas natural serán retribuídas economicamente na forma disposta neste real decreto con cargo ás tarifas, ás peaxes e ós canons.

A retribución das actividades reguladas atenderá ós criterios xerais seguintes:

a) Asegura-la recuperación dos investimentos realizados polos titulares no período de vida útil daqueles.

b) Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos.

c) Determina-lo sistema de retribución dos custos de explotación, de forma que se incentive unha xestión eficaz e unha mellora da produtividade que deberá repercutirse en parte nos usuarios e consumidores.

2. Os sistemas de actualización das retribucións fixaranse para períodos de catro anos, procedéndose no último ano de vixencia a unha revisión e adecuación, se é o caso, á situación prevista para o próximo período.

Artigo 16. *Retribución das actividades de regasificación, almacenamento e transporte.*

1. A retribución das actividades de regasificación, almacenamento e transporte calcularase para cada instalación, de forma individualizada. Para estes efectos consideraranse incluídas as especificadas baixo as alíneas a), b), c), e) e f) do artigo 3 deste real decreto, así como todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións, e demais elementos auxiliares, necesarios para o seu adecuado funcionamento.

2. A determinación dos custos que haxa que retribuír calcularase tomando en consideración os seguintes elementos:

a) Custos de investimento: serán función das características da instalación, a súa data de posta en marcha, os investimentos realizados, a vida útil, as achegas de fondos públicos, así como as taxas de rendibilidade razoables con referencia ó custo do diñeiro nos mercados de capitais.

b) Custos de operación e mantemento: consideraranse como tales os custos reais de operación e mantemento asociados a cada instalación nos últimos exercicios, aplicando criterios de mellora de produtividade e eficiencia.

c) Disponibilidade e utilización das instalacións.

d) Outros custos necesarios para o desenvolvemento das actividades.

3. A retribución terá un termo fixo e poderá conter un termo variable en función da utilización da instalación.

4. Dos custos recoñecidos ás instalacións que se utilicen para tránsito de gas natural con destino a outros países, deducirase a porcentaxe que corresponda pola dita utilización.

5. A cantidade que se vaia retribuír a cada empresa obterase como suma das cantidades que se vaian retribuír para cada instalación das que a dita empresa sexa titular. A agregación do total das retribucións correspondentes a cada empresa ou grupo de empresas determinará a retribución total das actividades de regasificación, almacenamento e transporte.

6. O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 31 de xaneiro de cada ano, os custos fixos que hai que retribuír para cada empresa ou grupo de empresas para ese ano, así como os valores concretos dos parámetros para o cálculo da parte variable que lles corresponda. A determinación dos custos que hai que retribuír realízase de acordo co disposto neste real decreto, e sen prexuízo das altas e cerramentos de instalacións que se produzan para o período considerado.

Así mesmo, o ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, poderá establecer fórmulas para a actualización anual dos custos que lles hai que retribuír ás empresas, sobre a base da evolución das principais magnitudes económicas, a disponibilidad das instalacións, a eficiencia e a calidade do servizo.

Artigo 17. *Inclusión de novas instalacións no sistema de retribución.*

1. A retribución correspondente a unha nova instalación autorizada mediante procedemento de concorrencia calcularase conforme as condicións de adxudicación do concurso.

2. A retribución correspondente a cada nova instalación autorizada de forma directa, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, será fixada, con efectos desde a data de posta en marcha dela, de acordo co procedemento establecido no artigo anterior, tomando como valores unitarios de investimento, valores unitarios de operación e mantemento e outros custos necesarios para desenvolve-la actividade os valores, fórmulas e parámetros fixados polo Ministerio de Economía, con criterios transparentes, obxectivos e non discriminatórios.

3. O Ministerio de Economía fixará unha valoración específica para aquelas instalacións autorizadas de forma directa que posúan características técnicas singulares. Idéntica consideración terán aqueles investimentos que impliquen modificacións de instalacións existentes sempre que iso supoña un aumento da capacidade desa instalación.

Artigo 18. *Custos acreditados das instalacións obxecto de peche.*

No caso de peche de instalacións, tomarase en consideración a data de peche para detraer-la parte proporcional correspondente da cantidade que se considerase para a retribución da dita instalación no ano de peche. Todo iso sen prexuízo dos custos netos de desmantelamento o abandono que se recoñezan.

Artigo 19. *Retribución pola actividade de xestión de compravenda de gas polos transportistas.*

1. As empresas transportistas terán recoñecida unha retribución pola actividade de xestión de compra e venda de gas para a subministración ás compañías distribuidoras que o destinen á venda no mercado a tarifa.

2. A retribución da actividade de xestión de compravenda de gas polos transportistas establecerase para o conxunto da actividade, atendendo os seguintes criterios: custos dos aprovisionamentos, transportes exteriores, fretes, minguas e explotación, así como outros custos necesarios para desenvolve-la actividade.

3. O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, determinará, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponde percibir ás empresas transportistas polo exercicio desta actividade.

Artigo 20. *Retribución da actividade de distribución.*

1. Os titulares de instalacións de distribución de gas natural terán dereito ó recoñecemento dunha retribución polo desenvolvemento desta actividade, nos termos establecidos neste real decreto.

Para estes efectos, ademais da rede de gasodutos de distribución consideraranse elementos constitutivos da distribución, as denominadas plantas satélites e todos aqueles activos da rede de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares necesarios para o seu adecuado funcionamento.

2. A retribución da actividade de distribución establecerase para o conxunto das instalacións de cada

empresa distribuidora, excluídas as acometidas, atendendo os seguintes criterios:

- a) O consumo e o volume de gas canalizado.
- b) Investimentos e amortizacións realizadas en instalacións de distribución.
- c) Custos de operación e mantemento das instalacións. Para estes efectos, teranse en consideración os custos dos últimos exercicios, aplicando criterios de mellora e eficiencia.
- d) Características das zonas de distribución: tales como lonxitude e presións da rede, o número de consumidores subministrados e características da área subministrada.
- e) Seguridade e calidade do servizo.
- f) Outros custos necesarios para desenvolver a actividade de distribución.

Os ingresos correspondentes ós dereitos de acometidas serán facturados directamente polas empresas distribuidoras, non se incluírán nos custos recoñecidos pola actividade de distribución nin estarán suxeitos ó réxime de liquidacións.

3. A retribución para cada empresa distribuidora terá un termo fixo, e poderá ter un termo variable en función da utilización da instalación.

4. O Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, poderá fixar unha retribución específica, con carácter limitado no tempo, para aquelas instalacións que permitan o acceso a novos núcleos de poboación, de forma que faga viable a subministración nas zonas por gasificar.

5. O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 31 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponde percibir a cada empresa distribuidora ou a cada grupo de empresas.

Así mesmo, o ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, poderá establecer fórmulas para a actualización anual da retribución ás empresas distribuidoras, en función da variación das principais magnitudes económicas, un reparto equitativo entre usuarios e distribuidores das variacións na produtividade da actividade, ou esforzo investidor da empresa, o coeficiente de expansión da rede, a variación da demanda, a eficiencia e a mellora da calidade do servizo.

Artigo 21. *Retribución total da distribución.*

A agregación do total anual dos custos acreditados pola actividade de distribución correspondentes a cada empresa o grupo de empresas determinará a retribución total da actividade de distribución.

Artigo 22. *Retribución pola actividade de subministración de gas a tarifa.*

1. As empresas distribuidoras terán dereito ó recoñecemento dunha retribución pola actividade de subministración de gas a tarifa.

2. Esta retribución establecerase para o conxunto da actividade, atendendo os custos necesarios para desenvolver a, aplicando criterios de mellora e eficiencia.

3. O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 31 de xaneiro de cada ano, a retribución que lles corresponda percibir ás empresas distribuidoras pola actividade de subministración de gas a tarifa. A actualización anual realizarase en función da evolución das principais magnitudes económicas e das melloras na produtividade.

Artigo 23. *Retribución do xestor técnico do sistema.*

O xestor técnico do sistema terá recoñecida unha retribución polo exercicio desta actividade dentro do sistema gasista. A determinación desta retribución realizarase tomando en consideración os custos de operación, comunicación e control, así como outros custos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, determinará, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponde percibir ó xestor técnico do sistema polo exercicio desta actividade.

Artigo 24. *Obrigas de información.*

1. Co fin de determina-los custos recoñecidos a cada instalación e a retribución correspondente, as empresas comunicaranlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Economía, antes do 1 de decembro de cada ano, os datos técnicos e económicos referentes ás novas instalacións postas en servizo, ampliacións, modificacións, transmisións e peches correspondentes ós últimos doce meses. Así mesmo, deberán remiti-las previsións de compra e venda de gas para a subministración a tarifas para o ano seguinte e os custos asociados á dita actividade.

2. As empresas distribuidoras de gas natural deberánlle comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, na forma e detalle que esta determine, antes do día 1 de decembro de cada ano, as previsións dos datos técnicos e económicos para o ano seguinte, especificando, entre outros, os investimentos, o consumo e número de clientes subministrados, a capacidade contratada, as vendas e clientes incorporados, todo iso por nivel de presión, tipo de subministración e rango de volume. Así mesmo, comunicarase a evolución dos quilómetros de rede, con indicación das presións.

As empresas distribuidoras de gas natural deberán, así mesmo, comunicarlle á citada dirección xeral, os custos correspondentes á subministración de gas ó mercado a tarifa.

3. O xestor técnico do sistema deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Economía, na forma e detalle que esta determine, antes do día 1 de decembro de cada ano, os datos técnicos e económicos relativos ó ano anterior, imputables á actividade de xestión técnica do sistema, así como a previsión deles para o ano en curso.

4. Para os efectos de comproba-la información anterior, as empresas transportistas, distribuidoras e o xestor técnico do sistema, deberán realizar auditorías externas nas que se especificará calquera outra información relevante que houbese durante o período correspondente. O Ministerio de Economía publicará os contidos mínimos das citadas auditorías e a periodicidade da súa realización.

CAPÍTULO IV

Tarifas, peaxes e canons

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 25. *Criterios para a determinación das tarifas, peaxes e canons.*

1. O ministro de Economía, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda de gas natural, os prezos de cesión de gas natural para os distribuidores, e das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso por terceiros.

As ordes ministeriais establecerán os valores concretos das ditas tarifas e prezos, ou un sistema de determinación e actualización automático deles. Así mesmo, para as peaxes e canons, estableceranse os valores concretos ou un sistema de determinación deles e modificaranse anualmente ou nos casos en que se produzan causas que incidan no sistema que así o aconsellen.

2. As tarifas, peaxes e canons serán únicos para todo o territorio nacional, en función do volume, presión e forma de consumo e terán carácter de máximos. A estrutura de tarifas, peaxes e canons poderá ser modificada no futuro, se razóns de optimización do sistema gasista, mercado ou aplicación do desenvolvemento normativo de ámbito comunitario o fan aconsellable, polo procedemento descrito no punto anterior.

A aplicación ós consumidores e comercializadores das tarifas, peaxes e canons por debaixo dos valores máximos vixentes en cada momento será transparente, obxectiva e non discriminatoria, tendo a adecuada difusión entre os usuarios. Para os anteriores efectos, as compañías comunicaranlle estas diferencias á Comisión Nacional de Enerxía no momento en que se produzan.

En calquera caso, as diferencias entre as tarifas, peaxes e canons máximos aprobados e os que, se é o caso, apliquen as empresas gasistas por debaixo deles, serán soportados por estas.

3. As tarifas, as peaxes e os canons estableceranse de forma que a súa determinación responda no seu conxunto ós criterios establecidos no artigo 92 da Lei 34/1998, e teñan os seguintes obxectivos:

- a) Retribuí-las actividades reguladas segundo se dispón no capítulo III deste real decreto.
- b) Asignar, de forma equitativa, entre os distintos consumidores, segundo o seu rango de presión, nivel de consumo e factor de carga, os custos imputables a cada tipo de subministración.
- c) Incentiva-los consumidores un uso eficaz para fomentar unha mellor utilización do sistema gasista.
- d) Non producir distorsións entre o sistema de subministración en réxime de tarifas e o excluído del.

4. As peaxes e canons básicos non incluírán as minguas e os autoconsumos correspondentes, os cales serán compensados polos usuarios do sistema en unidades físicas, de acordo coas cantidades que se establezan nas normas de xestión técnica do sistema.

Artigo 26. *Elementos xerais de cálculo para as tarifas, peaxes e canons.*

1. As peaxes e os canons determinaranse en función dos seguintes elementos:

- a) Previsións de demanda de gas natural para o ano de aplicación das peaxes e dos canons. Para iso teranse en conta tanto as previsións de demanda anual e mensual por zonas, niveis de consumo e rangos de presión, así como a demanda pico por zonas, niveis de consumo e rangos de presión, as previsións de entrada de gas natural ó sistema e a previsión de utilización de almacenamentos.
- b) A retribución ás actividades reguladas calculadas de acordo co previsto neste real decreto.
- c) As previsións de utilización das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte e distribución.
- d) As desviacións, se é o caso, resultantes da aplicación do réxime de liquidacións do ano anterior.

2. As tarifas aplicables ás subministracións de gas natural determinaranse mediante un sistema baseado

en custos. Establecerase para cada unha das tarifas reguladas neste real decreto un prezo que recollerá os seguintes custos:

- a) Custo da materia prima: determinarase en función do custo medio de adquisición da materia prima, en posición CIF, por parte dos transportistas con destino a tarifas, incluíndo aqueles custos necesarios para o posicionamento do gas na rede básica.
- b) Custos de conducción: incluírá para cada unha das tarifas os custos medios de regasificación, transporte, distribución e almacenamento imputables a ela. No seu cálculo teranse en conta as existencias mínimas de seguridade obrigatorias e minguas e autoconsumos que correspondan.
- c) Custos de xestión de compravenda de gas polos transportistas para a subministración de gas ás compañías distribuidoras para a súa venda ós mercados a tarifa.
- d) Custos da actividade dos distribuidores para a subministración de gas imputables a cada unha das tarifas.
- e) Desviacións, se é o caso, resultantes da aplicación do réxime de liquidacións do ano anterior.

3. As tarifas de subministración de gas natural para usuarios finais, as peaxes e os canons, levarán unha recarga para o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co disposto na disposición adicional duodécima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e unha cota destinada á retribución do xestor técnico do sistema, definida no artigo 23 deste real decreto.

4. As empresas gasistas deberán entregar toda a documentación pertinente para o cálculo das ditas tarifas, peaxes e canons á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

5. Adóptase o kWh como unidade enerxética de referencia. O poder enerxético do gas natural entenderase referido ó poder calorífico superior (PCS) medido en condicións normais de presión e temperatura. Os valores unitarios das tarifas, peaxes e canons regulados referiranse, por tanto, en kWh e kWh/día.

6. Os valores fixados en cada momento nas tarifas, peaxes, canons e prezos son os correspondentes pola prestación polos transportistas e distribuidores ós usuarios dos servizos e actividades regulados.

SECCIÓN 2.^a TARIFAS

Artigo 27. *Estructura das tarifas de venda de gas natural.*

As tarifas de venda de gas natural deberán ser satisfeitas ós distribuidores polos consumidores en réxime de subministración a tarifa.

A estrutura das tarifas de venda de gas natural será a seguinte de acordo cos distintos niveis de presión:

Grupo 1. Para consumidores conectados a un gasoducto con presión máxima de deseño superior a 60 bares.

1. Dentro desta tarifa distinguiranse as seguintes por volume de consumo:

Tarifa 1.1: consumo inferior ou igual a 200.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 1.2: consumo superior a 200.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 1.000.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 1.3: consumo superior a 1.000.000.000 de kWh/ano.

Para cada unha das tarifas dentro deste grupo determinarase un termo fixo aplicable ó caudal diario que se vaia facturar e un termo variable aplicable ós kWh consumidos.

Os usuarios acollidos a esta tarifa deberán dispor de equipos de telemedida capaces de realiza-la medición como mínimo de caudais diarios.

2. A facturación do termo fixo realizarase de acordo co seguinte procedemento:

a) Nos casos en que o caudal diario máximo medido no mes ó consumidor se encontre entre o 85 e o 105 por 100 do caudal máximo contratado por el:

$$Q_f = Q_m$$

Q_f : caudal diario que se facture.

Q_m : caudal máximo diario medido para o consumidor.

b) Nos casos en que o caudal diario máximo medido no mes sexa inferior ó 85 por 100 do caudal máximo contratado polo consumidor:

$$Q_f = 0,85 * Q_d$$

Q_d : caudal máximo diario contratado polo consumidor.

c) Nos casos en que o caudal máximo diario medido para o consumidor sexa superior ou igual ó 105 por 100 do caudal máximo diario contratado para o dito consumidor:

$$Q_f = Q_m + 2*(Q_m - 1,05*Q_d)$$

Grupo 2. Para consumidores conectados a un gasoducto cunha presión de deseño superior a 4 bares e inferior ou igual a 60 bares.

Dentro desta tarifa distinguiranse as seguintes por volume de consumo:

Tarifa 2.1: consumo inferior ou igual a 500.000 kWh/ano.

Tarifa 2.2: consumo superior a 500.000 kWh/ano e inferior ou igual a 5.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 2.3: consumo superior a 5.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 30.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 2.4: consumo superior a 30.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 100.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 2.5: consumo superior a 100.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 500.000.000 de kWh/ano.

Tarifa 2.6: consumo superior a 500.000.000 de kWh/ano.

Para cada unha das tarifas dentro deste grupo determinarase un termo fixo aplicable á capacidade máxima diaria contratada e un termo variable aplicable ós kWh consumidos.

Naqueles instalacións industriais que non dispoñan de equipos de medida do caudal diario máximo, a empresa subministradora poderá, de forma temporal ou permanente, instala-los equipos adecuados para este propósito sen cargo ningún para o usuario.

O caudal diario que se facture será o caudal diario contratado, sen embargo, naqueles casos en que se comprobe que o caudal diario contratado é inferior ó medido pola empresa subministradora, tomarase este último como base de facturación como mínimo durante un período de tres meses.

Aqueles consumidores con consumo anual superior a 30.000.000 de kWh, que dispoñan na súas instalacións de equipos de telemedida, poderán optar polo procedemento de facturación do termo fixo, descrito para as tarifas do grupo 1.

O Ministerio de Economía poderá modifica-lo limiar para acollerse a este sistema de facturación en función da evolución das condicións do mercado.

Tódolos consumidores incluídos neste nivel de presión cun consumo anual superior a 100.000.000 de kWh deberán contar na súas instalacións cos equipos de telemedida adecuados para poder medir polo menos caudais diarios, e terán un tratamento individualizado no cobramento correspondente á facturación do caudal diario contratado, similar ó disposto para as tarifas do grupo 1 do presente artigo, de forma que nos casos en que o caudal diario contratado non coincida co caudal diario medido, aplicarase o procedemento previsto no dito punto.

Grupo 3. Para consumidores conectados a un gasoducto cunha presión de deseño inferior ou igual a 4 bares.

Dentro desta tarifa distinguiranse as seguintes por volume de consumo:

Tarifa 3.1: consumo inferior ou igual a 5.000 kWh/ano.

Tarifa 3.2: consumo superior a 5.000 kWh/ano e inferior ou igual a 50.000 kWh/ano.

Tarifa 3.3: consumo superior a 50.000 kWh/ano e inferior ou igual a 100.000 kWh/ano.

Tarifa 3.4: consumo superior a 100.000 kWh/ano.

Para cada unha das tarifas deste grupo determinarase un termo fixo en euros/mes e un termo variable aplicable ós kWh consumidos polo usuario. Os termos fixos serán determinados tomando en consideración os teóricos factores de carga para cada grupo de consumidores.

Grupo 4. Para consumidores industriais de gas natural con carácter interrompible.

A estrutura desta tarifa terá un único termo variable en euros/kWh, que será aplicable ó consumo total efectuado polo usuario industrial.

Para poder acollerse a esta tarifa, o usuario final deberá dispor e manter operativa unha instalación alimentada por outra fonte de enerxía alternativa. A prestación do servicio interrompible será a petición do usuario, sendo as cláusulas de contratación resultado de acordo entre as dúas partes, se ben o usuario terá dereito a que o prazo de aviso previo para a suspensión da subministración non sexa inferior a vinte e catro horas.

Artigo 28. *Prezos de cesión de gas natural a outros transportistas e ós distribuidores.*

1. O prezo de cesión de gas natural dos transportistas a outros transportistas e ós distribuidores determinarase tomando en conta o custo da materia prima, calculado en función do custo medio de adquisición da materia prima, en posición CIF, por parte dos transportistas con destino a tarifas, a retribución correspondente á actividade da xestión da compravenda de gas para a súa venda ós distribuidores con destino ó mercado a tarifa e o custo medio de regasificación que corresponda.

2. Este prezo de cesión tamén será de aplicación á venda de gas natural licuado dos transportistas ós distribuidores para a súa subministración desde unha planta satélite que subministre a varios consumidores, e non incluírá o custo do transporte desde o punto de carga da cisterna ata o seu destino, que será por conta do distribuidor.

SECCIÓN 3.^a PEAXES E CANONSArtigo 29. *Definición das peaxes e dos canons dos servizos básicos.*

1. As peaxes e os canons que se regulan neste real decreto son de aplicación ós suxeitos con dereito de acceso, segundo se establece na Lei 34/1998, no exercicio del.

2. Para os efectos do establecido neste real decreto, consideraranse como peaxes e canons dos servizos básicos os seguintes:

a) Peaxe de regasificación. A peaxe do servizo de regasificación incluíra o dereito ó uso das instalacións necesarias para a descarga de buques, transporte a tanques de gas natural licuado (GNL), regasificación ou carga de cisternas de GNL e un almacenamento operativo de GNL en planta equivalente a dez días da capacidade contratada diaria.

A contratación da peaxe de regasificación dará dereito á contratación do servizo de almacenamento de GNL en planta, adicional ó incluído nesta peaxe, pola capacidade necesaria para a descarga de buques empregados para o transporte de GNL, co límite da capacidade máxima de atraque.

b) Peaxe de transporte e distribución. A peaxe do servizo de transporte e distribución incluíra o dereito ó uso das instalacións necesarias para transporta-lo gas desde o punto de entrada na rede de transporte ata o punto de subministración ó consumidor cualificado así como a utilización dun almacenamento operativo correspondente a cinco días da capacidade de transporte e distribución contratada. Esta peaxe será, así mesmo, aplicable á subministración de consumidores cualificados conectados a redes de distribución locais alimentadas mediante plantas satélites.

c) Canon de almacenamento subterráneo de gas. O canon de almacenamento subterráneo de gas dará dereito ó uso do almacenamento de gas natural, así como ó uso das instalacións de inxección e extracción de gas natural neles, de forma proporcional á capacidade contratada. A limitación de capacidade de inxección e extracción non será de aplicación sempre que existan posibilidades técnicas para incrementalas.

d) Canon de almacenamento de GNL. O canon de almacenamento de gas natural licuado (GNL) incluíra o uso de tódalas instalacións necesarias para o almacenamento de GNL e será de aplicación para o gas que exceda o almacenamento incluído na peaxe de regasificación.

Artigo 30. *Determinación da peaxe de regasificación.*

1. A peaxe correspondente ó uso das instalacións de regasificación será recadada polo titular das instalacións e terá un termo fixo, aplicable ó caudal diario que se lle facture ó usuario e un termo variable en función dos kWh efectivamente regasificados ou cargados en cisterna, e calcularase mensualmente de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pr = Tfr \times Qr + Tvr \times Cr$$

Na que:

Pr: importe mensual en euros de facturación por peaxe de regasificación.

Tfr: termo fixo de peaxe de regasificación en euros/kWh/día.

Qr: caudal diario de gas natural que se facture en kWh/día ou o seu equivalente en gas natural licuado.

Tvr: termo variable de peaxe de regasificación en euros/kWh.

Cr: kWh de gas natural regasificados ou subministrados como GNL en cisternas no período de facturación.

2. O caudal diario que se facture (Q_r) será:

a) Nos casos en que o caudal diario máximo nomeado no mes polo usuario se encontre entre o 85 e o 105 por 100 do caudal diario máximo contratado por el:

$$Q_r = Q_{rn}$$

Q_{rn} : caudal máximo diario nomeado no mes.

b) Nos casos en que o caudal diario máximo nomeado no mes polo usuario sexa inferior ó 85 por 100 do caudal máximo contratado por el:

$$Q_r = 0,85 \times Q_{rd}$$

Q_{rd} : caudal máximo diario contratado polo usuario

Entenderase caudal diario nomeado, para estes efectos, o que resulte das programacións diarias, a que fai referencia o parágrafo a) do punto 3 do artigo 13.

c) Nos casos en que o caudal máximo diario nomeado polo usuario sexa superior ou igual ó 105 por 100 do caudal máximo diario contratado polo dito usuario:

$$Q_r = Q_{rn} + 2 \times (Q_{rn} - 1,05 \times Q_{rd})$$

Q_{rn} : caudal máximo diario nomeado no mes.

Q_{rd} : caudal máximo diario contratado polo usuario.

Artigo 31. *Determinación da peaxe de transporte e distribución.*

A peaxe correspondente polo uso do sistema de transporte e distribución comporase de dous termos: un termo de reserva de capacidade e un termo de conducción, este último diferenciarase en función da presión de deseño á que se conecten as instalacións do consumidor cualificado.

$$P_{TD} = Trc + Tc$$

Onde:

P_{TD} : peaxe de transporte e distribución.

Trc: termo de reserva de capacidade.

Tc: termo de conducción.

A) Termo de reserva de capacidade de transporte e distribución.

1. O termo de reserva de capacidade de transporte e distribución será aplicable ó caudal diario que se lle facture a cada suxeito con contrato de acceso. A facturación do termo de reserva de capacidade de transporte e distribución será efectuada pola empresa transportista titular das instalacións onde estea situado o punto de entrada do gas natural ó sistema de transporte e distribución. Para estes efectos, non se considerará punto de entrada ó sistema de transporte e distribución a saída do gas natural, previamente inxectado, dun almacenamento subterráneo.

2. Para cada usuario do sistema de transporte e distribución, o termo de reserva de capacidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$Trc = Tfe \times Qe$$

Na que:

Trc: importe mensual en euros de facturación por termo de reserva de capacidade de transporte e distribución.

Tfe: termo fixo de Trc de entrada ó sistema de transporte e distribución en euros/kWh/día.

Qe: caudal diario de gas natural que se facture en kWh/día.

3. O caudal diario que se facture (Qe) será:

a) Nos casos en que o caudal diario máximo nomeado no mes polo usuario se encuentre entre o 85 e o 105 por 100 do caudal diario máximo contratado por el co transportista titular das instalacións de entrada ó sistema.

$$Q_e = Q_{nt}$$

Qnt: caudal máximo diario nomeado polo usuario no mes, para a entrada de gas ó sistema de transporte e distribución.

b) Nos casos en que o caudal diario máximo nomeado no mes polo usuario sexa inferior ó 85 por 100 do caudal máximo contratado por el:

$$Q_e = 0,85 * Q_c$$

Qc: caudal máximo diario contratado polo usuario co transportista titular do punto de entrada do gas ó sistema de transporte e distribución.

c) Nos casos en que o caudal máximo diario nomeado polo usuario para a entrada de gas ó sistema de transporte e distribución sexa superior ou igual ó 105 por 100 do caudal máximo diario contratado polo dito usuario, salvo denegación expresa do xestor técnico do sistema:

$$Q_e = Q_{nt} + 2*(Q_{nt} - 1,05*Q_c)$$

Entenderase por caudal nomeado de transporte, para estes efectos, o que resulte das programacións diarias a que fai referencia o parágrafo a) do punto 3 do artigo 13.

B) Termo de conducción da peaxe de transporte e distribución.

O termo de conducción da peaxe de transporte e distribución será facturado pola empresa distribuidora titular das instalacións onde estea situado o punto de entrega do gas natural ó consumidor final, ó suxeito con contrato de acceso.

Establécense os seguintes chanzos en función da presión de deseño onde estean conectadas as instalacións do consumidor final:

Peaxe 1. Consumidores cualificados conectados a un gasoducto cunha presión de deseño superior a 60 bares:

O termo de conducción da peaxe para este tipo de subministracións terá un termo fixo aplicable ó caudal diario que se facture para cada consumidor cualificado e un termo variable aplicable ós kWh consumidos por el.

Así mesmo, a contía de cada un dos termos desta parte da peaxe calcularase en función do volume de consumo do consumidor cualificado, distinguíndose os seguintes niveis de consumo:

Peaxe 1.1 Consumo inferior ou igual a 200.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 1.2 Consumo superior a 200.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 1.000.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 1.3 Consumo superior a 1.000.000.000 de kWh/ano.

Para cada usuario do sistema de transporte e distribución, a peaxe calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$T_c = \sum_{i=1}^3 \left[\sum_{j=1}^n (T_{fij} * Q_j + T_{vij} * C_j) \right]$$

Onde:

Tc: importe mensual en euros de facturación por termo de conducción da peaxe de transporte e distribución.

Tfij: termo fixo en euros/kWh/día, para o consumidor j de acordo co seu volume de consumo i.

Qj: caudal diario que se facture correspondente ó consumidor j en kWh/día.

Tvij: termo variable para o consumidor j de acordo co seu volume de consumo i en euros/kWh.

Cj: kWh de gas consumidos polo consumidor j.

n: número de consumidores do comercializador con subministración a presión superior a 60 bares, en cada chanzo de consumo.

Onde:

a) Nos casos en que o caudal diario máximo medido no mes ó consumidor j se encuentre entre o 85 e o 105 por 100 do caudal máximo contratado para el:

$$Q_j = Q_{mj}$$

Qmj: caudal máximo diario medido para o consumidor j.

b) Nos casos en que o caudal diario máximo medido no mes ó consumidor j sexa inferior ó 85 por 100 do caudal máximo contratado para el:

$$Q_j = 0,85 * Q_{dj}$$

Qdj: caudal máximo diario contratado polo consumidor j.

c) Nos casos en que o caudal máximo diario medido para o consumidor j sexa superior ou igual ó 105 por cento do caudal máximo diario contratado para o dito consumidor:

$$Q_j = Q_{mj} + 2*(Q_{mj} - 1,05*Q_{dj})$$

Qmj: caudal máximo diario medido nas instalacións do consumidor i.

Tódolos usuarios finais incluídos neste nivel de presión deberán contar cos equipos de telemetria na súas instalacións adecuados para poder medir polo menos caudais diarios.

Peaxe 2. Consumidores cualificados conectados a un gasoducto cunha presión de deseño superior a 4 bares e inferior ou igual a 60 bares.

O termo de conducción da peaxe para este tipo de subministracións terá un termo fixo aplicable ó caudal diario que se facture para cada consumidor cualificado e un termo variable aplicable ós kWh consumidos por el.

Así mesmo, a contía de cada un dos termos desta parte da peaxe calcularase en función do volume de consumo do consumidor cualificado, distinguíndose os seguintes niveis de consumo:

Peaxe 2.1 Consumo inferior ou igual a 500.000 kWh/ano.

Peaxe 2.2 Consumo superior a 500.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 5.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 2.3 Consumo superior a 5.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 30.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 2.4 Consumo superior a 30.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 100.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 2.5 Consumo superior a 100.000.000 de kWh/ano e inferior ou igual a 500.000.000 de kWh/ano.

Peaxe 2.6 Consumo superior a 500.000.000 de kWh/ano.

Para cada usuario da rede, este termo da peaxe calcularase mensualmente de acordo coa seguinte fórmula:

$$T_c = \sum_{i=1}^6 \left[\sum_{j=1}^n (T_{fij} \cdot Q_j + T_{vij} \cdot C_j) \right]$$

Onde:

T_c: importe mensual en euros de facturación polo termo de conducción da peaxe de transporte e distribución.

T_{fij}: termo fixo en euros/kWh/día, para o consumidor j de acordo co seu volume de consumo i.

Q_j: caudal diario máximo que se facture correspondente ó consumidor j en kWh/día.

T_{vij}: termo variable para o consumidor j de acordo co seu volume de consumo i en euros/kWh.

C_j: kWh de gas consumidos polo consumidor j.

n: número de consumidores do comercializador con subministración a presión inferior a 60 bares e superior a 4 bares, en cada chanzo de consumo.

O caudal diario que se facture será o caudal diario contratado. Non obstante, para aqueles consumidores cualificados nos que se comprobara que durante un mes o caudal diario contratado é inferior ó caudal diario medio medido, tomarase este último como base de facturación por un período de tres meses.

Aqueles consumidores cualificados con consumo superior a 30.000.000 de kWh/ano e que dispoñan de equipo de telemedida para poder medir caudais diarios, poderán optar a ter un tratamento individualizado no cobramento correspondente á facturación do caudal contratado, similar ó disposto na peaxe 1 do presente artigo, de forma que nos casos en que o caudal diario contratado non coincida co caudal diario medido, aplicarase o procedemento previsto no dito punto.

O Ministerio de Economía, tendo en conta a evolución do mercado, a evolución tecnolóxica dos equipos de control e o seu custo, poderá modifica-lo limiar de consumo para poder ser incluído nesta modalidade para a facturación do termo fixo da peaxe.

Tódolos consumidores cualificados incluídos neste nivel de presión cun consumo superior a 100.000.000 de kWh/ano deberán contar na súas instalacións cos equipos de telemedida adecuados para poder medir polo menos caudais diarios, e terán un tratamento individualizado no cobramento correspondente á facturación do caudal diario contratado, similar ó disposto na peaxe 1 deste artigo, de forma que nos casos en que o caudal diario contratado non coincida co caudal diario medido, aplicarase o procedemento previsto no dito punto.

Peaxe 3. Consumidores cualificados conectados a un gasoducto cunha presión de deseño inferior ou igual a 4 bares.

O termo de conducción da peaxe para a subministración a unha presión inferior a 4 bares terá un termo fixo aplicable ó número de consumidores cualificados para cada volume de consumo do comercializador (euros/consumidor e mes) e un termo variable aplicable ós kWh subministrados.

Establecerase un valor diferente para cada un dos termos deste termo de peaxe, para cada un dos seguintes chanzos de consumo do consumidor cualificado:

Peaxe 3.1 Consumo inferior ou igual a 5.000 kWh/ano.

Peaxe 3.2 Consumo superior a 5.000 kWh/ano e inferior ou igual a 50.000 kWh/ano.

Peaxe 3.3 Consumo superior a 50.000 kWh/ano e inferior ou igual a 100.000 kWh/ano.

Peaxe 3.4 Consumo superior a 100.000 kWh/ano.

O termo de conducción da peaxe virá determinado pola seguinte fórmula:

$$T_c = \sum_{i=1}^4 (T_{fi} \cdot N_i + T_{vi} \cdot C_i)$$

Onde:

T_c: importe mensual en euros de facturación polo termo de conducción da peaxe de transporte e distribución.

T_{fi}: termo fixo para o chanzo de consumo i en euros/consumidor.

N_i: número de consumidores do comercializador correspondente ó chanzo de consumo i.

T_{vi}: termo variable para o chanzo de consumo i en euros/kWh.

C_i: kWh consumidos polo conxunto de consumidores cualificados do comercializador no chanzo de consumo i.

Artigo 32. *Determinación do canon de almacenamento subterráneo.*

A facturación do canon de almacenamento de gas natural será realizada pola empresa titular das instalacións de almacenamento a cada suxeito con contrato de almacenamento.

A estrutura do canon de almacenamento terá un termo fixo aplicable á capacidade de almacenamento contratada e un termo variable aplicable ó volume de gas inxectado ou extraído cada mes.

O cálculo da peaxe de almacenamento realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$C_a = T_f \cdot Q_a + T_v \cdot E_a$$

C_a: importe mensual en euros de facturación por canon de almacenamento subterráneo.

T_f: termo fixo do canon de almacenamento (euros/kWh).

Q_a: capacidade de almacenamento contratada (kWh).

T_v: termo variable do canon de almacenamento (euros/kWh).

E_a: cantidade mensual de gas inxectado ou extraído do almacenamento (kWh).

Artigo 33. *Determinación do canon de almacenamento de GNL.*

A facturación do canon de almacenamento de gas natural licuado será realizada pola empresa titular das instalacións de almacenamento de GNL a cada suxeito con contrato de almacenamento de GNL.

A estrutura do canon de almacenamento de GNL consta dun termo variable aplicable ó volume de GNL almacenado por encima do almacenamento operativo incluído na peaxe de regasificación. O seu importe total

calcularase mensualmente de acordo coa seguinte fórmula:

$$Ca = Tv^* \sum_{i=1}^n Eai$$

Ca: importe mensual en euros de facturación por canon de almacenamento de GNL.

Tv: termo variable do canon de almacenamento (euros/m³ de GNL/día).

Eai: Volume de gas almacenado (m³ de GNL/día) en exceso sobre o almacenamento operativo incluído na peaxe de regasificación medido ás vinte e catro horas de cada día no día i.

n: número de días do mes en que o volume de gas natural excede a capacidade de almacenamento incluído na peaxe de regasificación.

CAPÍTULO V

Liquidacións

Artigo 34. *Actividades suxeitas a liquidación.*

1. O sistema de liquidacións incluírá as actividades reguladas dos suxeitos que actúan no sistema gasista, recollendo os custos e ingresos relativos a elas.

2. Quedan suxeitas a liquidación as actividades seguintes:

a) A actividade de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) incluíndo as instalacións de carga de cisternas de GNL.

b) A actividade de almacenamento de gas natural.

c) A actividade de transporte por gasoducto de gas natural.

d) A actividade de distribución por gasoducto de gas natural incluíndo as plantas satélites de GNL que subministren a varios consumidores.

e) Actividades retribuídas con cotas incluídas nas tarifas, peaxes e canons.

3. Non quedan suxeitas a liquidación as actividades seguintes:

a) A actividade de xestión da compravenda de gas polos transportistas e o custo da materia prima.

b) A actividade de subministración de gas a tarifa.

Artigo 35. *Procedemento de liquidación.*

1. O procedemento de liquidación será determinado polo Ministerio de Economía, fixando os valores, parámetros e prazos necesarios para a liquidación.

2. Os cobramentos e pagamentos a que dean lugar as liquidacións entre os axentes serán determinados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, na forma e prazos que se indiquen no procedemento de liquidacións.

3. Realizaranse liquidacións provisionais mensuais a conta da definitiva que se efectuará cada ano.

Artigo 36. *Ingresos e custos liquidables.*

1. Considéranse ingresos liquidables para os efectos do sistema de liquidación os ingresos por aplicación das tarifas, peaxes e canons vixentes ás subministracións e accesos ás instalacións de regasificación, almacenamento de gas natural, transporte ou distribución que tivesen lugar no período obxecto de liquidación. Exclúense os ingresos correspondentes ás actividades non suxeitas a liquidación.

2. No procedemento de liquidación computaranse os ingresos correspondentes pola aplicación das peaxes, canons e tarifas máximas ás cantidades facturadas, con independencia do seu cobramento.

3. Terán a consideración de custos liquidables a retribución das actividades de regasificación, transporte, almacenamento de gas natural e distribución e as cotas con destinos específicos.

Artigo 37. *Cotas con destinos específicos.*

1. As cotas con destinos específicos fixaranse como porcentaxes sobre as tarifas e peaxes. Considéranse cotas con destinos específicos as seguintes:

a) As porcentaxes destinadas á retribución do xestor técnico do sistema.

b) As recargas con destino á Comisión Nacional de Enerxía.

2. As porcentaxes con cargo a tarifas de venda de gas natural serán recadadas polos distribuidores e postas á disposición de cada un dos suxeitos ós que van destinadas como ingresos propios na forma e prazos establecidos normativamente.

A porcentaxe será aplicada polas empresas distribuidoras ó importe da facturación por venda de gas natural que resulte da aplicación das tarifas máximas. A contía será establecida polas disposicións ou resolucións correspondentes, sen aducirlos posibles descontos que sobre elas poidan pacta-las empresas distribuidoras e os seus consumidores.

3. As porcentaxes con cargo ás peaxes e ós canons asociados ó dereito de acceso por terceiros á rede serán recadadas polas empresas titulares de instalacións de regasificación, transporte e distribución, e almacenamento, e postas á disposición dos suxeitos ós que van destinadas como ingresos propios na forma e prazos establecidos normativamente.

As empresas titulares citadas aplicarán a porcentaxe sobre as peaxes e canons máximos establecidos sen deducirlos posibles descontos que sobre eles poidan pactarse entre os titulares das instalacións e os seus usuarios.

Artigo 38. *Actuacións de inspección e comprobación.*

1. Para poder dar cumprimento ó establecido nos artigos 62 e 63, sobre contabilidade e información e separación de actividades respectivamente, así como no capítulo VII, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sobre réxime económico das actividades reguladas, os transportistas e distribuidores de gas natural por canalización, así como o xestor técnico do sistema, deberán proceder á verificación contable dos seus estados financeiros, así como os consolidados das agrupacións dos mesmos, se é o caso, a través dunha auditoría externa, segundo as directrices emanadas do Ministerio de Economía, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do cal se remitirá o informe das ditas auditorías xunto coas contas anuais e o informe de xestión, así como a desagregación das contas anuais polas actividades de transporte e distribución, indicando os criterios utilizados.

As empresas gasistas mencionadas no parágrafo anterior deberán remitir trimestralmente ó Ministerio de Economía os estados financeiros provisionais referidos ó período transcorrido entre o primeiro de xaneiro de cada ano e o último día do trimestre de que se trate.

2. Para efectos da retribución das empresas ou agrupacións de empresas que actúen como suxeitos das actividades de transporte e distribución, consideraranse como ingresos procedentes da facturación aqueles que resulten de aplica-las tarifas das subministracións rea-

lizadas e as peaxes ou tarifas de acceso por uso das redes autorizadas como máximos polo Ministerio de Economía, sen que se poidan considerar outros distintos dos establecidos con carácter xeral nas normas sobre tarifas.

3. O Ministerio de Economía directamente ou a través da Comisión Nacional de Enerxía poderá inspeccionar-las condicións da facturación deles.

Como resultado destas actuacións, o Ministerio de Economía poderá realizar unha nova liquidación das cantidades que fosen obxecto de comprobación ou inspección.

4. O Ministerio de Economía, mediante orde ministerial, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá o contido e prazo da información que deben presentar-las empresas para asegura-la adecuación da liquidación. Así mesmo, establecerase o procedemento e prazos para o reparto dos ingresos que resulten da aplicación para as cotas con destinos específicos.

Disposición adicional primeira. Retribución a empresas distribuidoras de gases manufacturados de orixe distinta ó gas natural en territorios extrapeninsulares.

As empresas distribuidoras de gases manufacturados de orixe distinta ó gas natural (nafta e propano) que exerzan a súa actividade en territorios extrapeninsulares que non dispoñan de gas natural, terán dereito a percibir unha retribución polo suplemento de custo que iso supoña. Estes custos estarán incluídos na retribución da actividade de distribución e suxeitos a liquidación.

Disposición adicional segunda. Planificación en materia de hidrocarburos.

No prazo de tres meses, desde a publicación deste real decreto, o Ministerio de Economía, coa participación das comunidades autónomas, iniciará os estudos para realizar unha proposta de planificación en materia de hidrocarburos, para a súa tramitación, conforme o establecido no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Esta planificación referirase ós aspectos indicados no artigo 4 da Lei 34/1998, e terá carácter obrigatorio e de mínimo esixible para a garantía de subministración de hidrocarburos no referente ós gasodutos da rede básica e ás instalacións de almacenamentos de reservas estratéxicas de hidrocarburos.

As autorizacións de construción e explotación dos gasodutos de transporte e as súas instalacións complementarias que, de acordo co artigo 4 da Lei 34/1998, teñen carácter obrigatorio na planificación enerxética, serán outorgadas polo Ministerio de Economía, mediante un sistema de concurso, de forma que se garanta a transparencia, obxectividade e a súa concorrencia.

En caso de falta de concorrencia, o Ministerio de Economía poderalle encomendar ó transportista que estea realizando as funcións de xestor técnico do sistema que leve a cabo a realización dos proxectos e a subseguinte construción das instalacións.

Disposición transitoria primeira. Sistema de actualización de retribucións.

Con obxecto de avaliar correctamente a aplicación do novo sistema de actualización das retribucións, o disposto no artigo 15, número 2 deste real decreto aplicarase nun prazo non superior a dous anos contados desde a data en que tódolos consumidores teñan a condición de cualificados.

Disposición transitoria segunda. Instalacións.

Aquelas instalacións destinadas a dotar da adecuada seguridade ó sistema de gas natural que fosen obxecto de concesión, antes da entrada en vigor da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, terán o tratamento recollido na disposición transitoria sexta da citada lei, no cálculo da retribución ás instalacións de transporte.

Disposición transitoria terceira. Contratos de acceso en vigor.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os contratos de acceso de terceiros a instalacións gasistas actualmente en vigor deberán adaptarse ó disposto neste real decreto. Será de aplicación o disposto neste real decreto desde a súa entrada en vigor, con independencia da adaptación ou non do contrato.

Disposición transitoria cuarta. Duración mínima dos contratos.

Os titulares de instalacións de regasificación, transporte ou almacenamento que á entrada en vigor deste real decreto teñan contratos de acceso con prazo de vixencia superior a dous anos que supoñan máis do 75 por 100 da capacidade das súas instalacións, poderanos manter, ata o seu vencemento, sen que estes poidan prorrogarse o subscribir novos contratos con prazos superiores a dous anos, en tanto non se cumpra o disposto no punto 5 do artigo 6.

Disposición transitoria quinta. Almacenamento operativo incluído na peaxe de regasificación.

Desde a entrada en vigor deste real decreto e ata o 1 de xaneiro de 2004, o almacenamento operativo en planta incluído na peaxe de regasificación, a que fai referencia a alínea a) do punto 2 do artigo 29 será de cinco días.

A partir do 1 de xaneiro de 2004, aquelas instalacións de regasificación que non dispoñan de dez días de capacidade de almacenamento en función da capacidade contratada, deberán descontar da peaxe máxima de regasificación a contía correspondente ó almacenamento operativo entre os dez días establecidos e a capacidade real de almacenamento da instalación.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Á entrada en vigor deste real decreto queda derogada calquera disposición que se opoña ó disposto nel, e en particular queda derogado o Real decreto 1914/1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as condicións de acceso de terceiros ás instalacións de recepción, regasificación, almacenamento e transporte de gas natural.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico.

De acordo co disposto na disposición derradeira primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a presente norma ten carácter básico, ó amparo do establecido no artigo 149.1, 15.^a e 25.^a, da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Procedemento de liquidación.

No prazo de tres meses, desde a entrada en vigor deste real decreto, o ministro de Economía publicará, mediante orde ministerial, o procedemento de liquidación definido no artigo 35.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DE FACENDA

17161 *REAL DECRETO 995/2001, do 10 de setembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de réximes fiscais especiais.* («BOE» 218, do 11-9-2001.)

Este real decreto modifica determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, que regulan a aplicación dos réximes especiais a que se refiren os capítulos VIII e XIV do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

En canto ó réxime especial das entidades de tenza de valores estranxeiros, desenvólvese a previsión legal contida no epígrafe 2 do artigo 129 da Lei do imposto sobre sociedades, trala reforma operada polo artigo 30 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa. O anterior réxime de autorización administrativa é substituído por un sistema de mera comunicación previa, circunstancia que esixe o desenvolvemento das normas de procedemento correspondentes. En concreto, atribúeselle á Administración tributaria a competencia na materia e establécese a aplicación do réxime ó período impositivo que o suxeito pasivo haberá de realizar.

No que se refire ó réxime especial de fusionés, escisións, achega de activos e troco de valores, desenvólvese a previsión legal contida no epígrafe 1 do artigo 110 da Lei do imposto sobre sociedades, trala reforma introducida polo epígrafe seis do artigo 2 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Para iso, regúlase a forma en que debe comunicárselle á Administración tributaria a opción polo dito réxime especial. Así, establécese un prazo de tres meses para comunica-lo exercicio da opción, se ben se considera un réxime transitorio para as operacións realizadas antes da entrada en vigor deste real decreto. Determínase, a continuación, o suxeito obrigado a efectuar-la comunicación, que será, con carácter xeral, a entidade ou entidades que actúen como adquirentes na operación. Tratándose das operacións referidas nas cales nin a entidade adquirente nin a transmitente ou a participada sexan residentes en España e polo tanto, con maiores dificultades para o coñecemento da disposición, e co fin de que esta circunstancia non prexudique os socios residentes, désígnase ademais como suxeito obrigado a efectuar-la comunicación ó socio residente afectado ou á persoa ou entidade transmitente residente, permitindo así que o exercicio da opción lles comporte a seguridade xurídica de acollerse ó réxime establecido no capítulo VIII do título VII da Lei do imposto. Por último, precísase a documentación que se debe achegar, axus-

tando as esixencias de información fiscal ás previsións que, nesta materia, recolle a lexislación mercantil.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de setembro de 2001,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do título II do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

Dáse nova redacción ó título II, artigos 46 a 49, do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, nos seguintes termos:

«TÍTULO II

Aplicación dos réximes especiais das entidades de tenza de valores estranxeiros e de fusionés, escisións, achegas de activos e troco de valores

CAPÍTULO I

Réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros

Artigo 46. *Comunicación da opción e da renuncia.*

1. A opción polo réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros deberá comunicárselle á Administración tributaria.

2. O réxime aplicarase ó período impositivo que finalice con posterioridade á comunicación e ós sucesivos que conclúan antes de que lle se comunique á Administración tributaria a renuncia a este.

CAPÍTULO II

Réxime de fusionés, escisións, achegas de activos e troco de valores

Artigo 47. *Comunicación da opción polo réxime especial.*

1. A aplicación do réxime establecido no capítulo VIII do título VIII da Lei do imposto requirirá que se opte por este de acordo co disposto no epígrafe 1 do artigo 110 da dita lei.

2. A opción deberá comunicárselle, nos termos establecidos neste capítulo, á Administración tributaria.

3. A comunicación da opción deberá efectuarse dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición da escritura pública en que se documente a operación. Se a inscrición non fose necesaria, o prazo computarase desde a data en que se outorgue a escritura pública que documente a operación e na cal, conforme o epígrafe 1 do artigo 110 da Lei do imposto, ha de constar necesariamente o exercicio da opción.

Artigo 48. *Suxeito obrigado a realiza-la comunicación. Órganos administrativos competentes.*

1. No caso de operacións de fusión ou escisión, a comunicación a que se refire o artigo anterior deberá ser efectuada pola entidade ou entidades adquirentes.

Tratándose de operacións de fusión ou de escisión nas cales nin a entidade transmitente nin a